

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE BOLSAS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Artigo 6. *Incompatibilidades*

1. Durante o seu goce, a bolsa resultará incompatible con calquera outra axuda económica. Non serán incompatibles as bolsas reguladas neste regulamento coas bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para titulacións universitarias outorgadas pola Administración Xeral do Estado e pola Administración Autonómica ou da propia Universidade da Coruña.

2. Todas as bolsas serán incompatibles con calquera actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional. Para tales efectos, poderase solicitar á persoa interesada certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas.

Artigo 18. *Persoas beneficiarias*

1. Serán condicións xerais para poder beneficiarse de bolsas de colaboración en servizos universitarios da Universidade da Coruña:

- a) Estar cursando estudos oficiais na Universidade da Coruña.
- b) Non exceder de 28 anos de idade durante o período de goce da bolsa.
- c) Non percibir ningunha axuda económica incompatible. Tampouco podera realizarse ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.
- d) Existir conexión entre a actividade obxecto da bolsa e o perfil académico de quen presenta a súa solicitude.

ANEXO I

MODELO DE CONVOCATORIA DE BOLSAS ADSCRITAS A CONTRATOS, CONVENIOS OU PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

... ..

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

Modalidade A: Renovacións

As solicitudes presentaranse por duplicado e acompañadas inescusablemente da seguinte documentación:

- Formulario normalizado.
- Declaración xurada de non contar con ningunha axuda económica incompatible nin realizar ningunha actividade retribuída. No caso de realizarse unha actividade retribuída, certificación da

Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.

- Memoria do traballo realizado durante o período anterior, asinado pola persoa responsable da súa titorización.

Modalidade B: Nova adxudicación

As solicitudes presentaranse por duplicado e acompañadas inescusablemente da seguinte documentación:

- Formulario normalizado

- *Curriculum vitae* da persoa solicitante coa documentación que o acredite.

- Certificación académica detallada, na que consten as cualificacións obtidas, as datas de obtención e o número de convocatorias investidas en cada materia (orixinal ou fotocopia compulsada)

- Declaración xurada de non contar con ningunha axuda económica incompatible nin realizar ningunha actividade retribuída. No caso de realizarse unha actividade retribuída, certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.

ANEXO II

MODELO DE CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN

... ..

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

A Universidade da Coruña convoca... bolsas de colaboración, destinadas a aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar cursando estudos oficiais na Universidade da Coruña.
- Non exceder de 28 anos de idade durante o período de goce da bolsa.
- Non percibir ningunha axuda económica incompatible. Tampouco podera realizarse ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.
- Non ter disfrutado de ningunha bolsa de colaboración.
- Existir conexión entre a actividade obxecto da bolsa e o perfil académico de quen presenta a súa solicitude.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse por duplicado e acompañadas inescusablemente da seguinte documentación:

- Formulario normalizado

- *Curriculum vitae* da persoa solicitante coa documentación que o acredite.

- Certificación académica detallada, na que consten as cualificacións obtidas, as datas de obtención e o número de convocatorias investidas en cada materia (orixinal ou fotocopia compulsada).

- Declaración xurada de non contar con ningunha axuda económica incompatible nin realizar ningunha actividade retribuída. No caso de realizarse unha actividade retribuída, certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.